

Se hai dous conceptos que sempre aparecen como antitéticos, estes son "guerra" e "cultura." Alén das perdas en vidas e en propiedades, a cultura e o patrimonio son vítimas notorias. Ademais, nunca faltan os listos que tiran proveito coa pillaxe, seguros de que a coartada da teórica destrución os deixará impunes. Se a iso lle engadimos unha confrontación ideolóxica, unha parte dos tesouros artísticos ou dos fondos bibliográficos son destruídos e expropiados a mantenta.

Todos estes elementos viñeron darse simultaneamente cando as tropas da Wehrmacht ocuparon a capital francesa en 1940. París era nos anos vinte e trinta do século XX o centro da cultura mundial. Alén dos propios artistas e intelectuais franceses, alí residían moitos exilados políticos (rusos, alemáns, españois, italianos, xudeus...) ou vitais, como Samuel Beckett ou James Joyce. Alén, vivían outros intelectuais atraídos polo imán de liberdade e éxito que era París, como Hemingway, Dos Passos, Pound ou Scott Fitzgerald.

Cando Alemaña invadiu Polonia, en setembro de 1939, Francia seguía confiada na protección da liña Maginot; pero cando as tropas nazis comezaron a ofensiva contra os Países Baixos, esta defensa deixou en evidencia a súa vulnerabilidade e París caía e en xuño de 1940. Aquela guerra de apenas unhas semanas foi unha humillación nacional. Asinado o armisticio, Francia quedou dividida entre a zona ocupada (ao oeste da diagonal Alsacia-País Vasco) e a zona que pasou a ser administrada polo réxime liderado polo mariscal Pétain. O cadro resultante é descrito con precisión por Alan Riding, coresponsal cultural en Europa do *The New York Times* no seu ensaio *The Show Must Go On* ("Y siguió la fiesta" na versión española, Galaxia Gutemberg 2011), gañador dos premios Josep Palau i Fabre e Spear's Book Award for Social History. Unha situación aquela de verdadeira esquizofrenia.

De entrada, o goberno de Vichy quería manter os valores identitarios franceses (eran ultranacionalistas), pero sen topar cos intereses alemáns. Por outro lado, no seu apoio había un número non desprezable de intelectuais de dereitas, algúns abertamente pronazis e outros mornos ou contrarios aos ocupantes, mais non exentos de calidade.



Adolf Hitler en París (1940).



O xornalista e escritor Alan Riding.



Pablo Picasso (1881-1973).

Arde París!

Alan Riding e a ocupación nazi

JOAQUIM VENTURA

A primeira viaxe de Pablo Picasso a París foi en 1900, cando tiña dezanove anos, para visitar a Exposición Universal. Despois dalgunhas máis, instalouse alí en 1903, con posteriores tempadas en Cataluña (en Gósol, 1906; Horta de Sant Joan, 1909; Ceret, 1911, entretidas).

Picasso apoiou a II República Española e en 1936 foi nomeado director do Museo del Prado. Marchou a París e, rematada a guerra, as autoridades franquistas retiráronlle a nacionalidade. Entre abril de 1939 e, despois de que lle denegasen a nacionalidade francesa un ano despois, viviu como apátrida, xa que preferiu seguir en Francia en troques de marchar ao exilio, probablemente

para non perder a súa fortuna. Esta situación non era a mellor de cara aos ocupantes alemáns, pero non tivo problemas, nin fixo para telos. Mesmo foi visitado no seu estudio por dirixentes culturais alemáns, como Heller

Picasso durante a ocupación

ou Jünger. Conta unha anécdota que ao comentario dun deles, á vista do *Guernica*, sobre se o fixera el, Picasso respondeu: "Non, foron vostedes".

Cando en 1944 os alemáns tiveron

que deixar Francia, Picasso procurou o mellor salvoconduto posible: afiliarse ao PCEE algún rumor dicía daquela que non habería tal compromiso ideolóxico, senón un seguro ben pagado. O certo é que foi nomeado presidente da executiva da Fronte Nacional dos Artistas e, como tal, o responsable máis destacado á hora da depuración dos artistas colaboracionistas co goberno de Vichy e cos ocupantes alemáns.

Quizais por iso non serían unha boutade aquelas palabras de Salvador Dalí cando se comparou con el: "Picasso é pintor, eu tamén; Picasso é español, eu tamén; Picasso é comunista, eu tampouco".

Na zona ocupada, da cal marcharon os máis dos artistas estranxeiros, os intelectuais comunistas eran vistos como potenciais aliados dos alemáns a causa do pacto de non agresión asinado entre Alemaña e a URSS (só co ataque alemán, os comunistas pasaron a ser abertamente antinazis).

Tamén había intelectuais abertamente fascistas e nazis, que non tiñan problema coa forza ocupante. Aqueles que non eran favorables estaban divididos entre sobrevivir en París ou tentar pasar a algún lugar tranquilo da zona non ocupada. En toda Francia, os xudeus -franceses ou non- tiñan moitas dificultades para o devir cotián.

Por parte alemá, as cousas non estaban definidas. Mentres había dirixentes nazis e militares francófilos en canto á cultura, que ofertaron plataformas de expresión aos intelectuais franceses, a alta oficialidade da Wehrmacht era abertamente hostil aos proxectos de Hitler e de Göring para expropiar o patrimonio artístico do país invadido.

Cando a ocupación foi un feito, era preciso sobrevivir, dun xeito ou doutro. A cidadanía necesitaba esquecer a excepcionalidade e a forza ocupante necesitaba diversión. Con relativa normalidade, foron abrindo os teatros, os cabarés, os cines. A industria editorial tivo que sortear a censura e a depuración de xudeus. Intelectuais que despois serían símbolo de compromiso seguían a frecuentar cafés e restaurantes como se nada sucedera.

Perese péndulo que son as derrotas bélicas, cando os aliados desembarcaron e a ocupación alemá ficou en perigo, foron moitos aqueles que, con maior ou menor convencemento, pasaron a formar parte da resistencia. E cando Francia foi liberada comezou a depuración dos colaboracionistas; pero con coitado, non fose que quedase en evidencia a dimensión da Francia de Vichy. Cumpria erguer o mito da Resistencia.

Vichy foi apoiado por un amplo número de intelectuais de dereitas